

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación, contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estívese conveniente.

Sarria, 14 de maio de 2026.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 1250

TABOADA

Anuncio

Resolución de Alcaldía de data 12 de maio de 2026 do Concello de Taboada pola que, concluído o procedemento selectivo, realízanse os nomeamentos para cubrir as prazas de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR.

Por Resolución de alcaldía de data 12 de maio de 2026, unha vez concluído o procedemento selectivo, efectúese o nomeamento de:

Camba Meijome Maria Angeles con dni: ***0977** como Personal Laboral Fixo do Concello de Taboada.

Ochandategui Amigo Iratxe con dni: ***5928** como Personal Laboral Fixo do Concello de Taboada.

Lopez Sobrado Maria Luz con dni: ***7832** como Personal Laboral Fixo do Concello de Taboada.

Lamela Cordero Ana Maria con dni: ***5568** como Personal Laboral Fixo do Concello de Taboada.

Otero Ramos Susana con dni: ***5367** como Personal Laboral Fixo do Concello de Taboada.

Fonseca Guimaraes Vandeleia con dni: ***0904** como Personal Laboral Fixo do Concello de Taboada.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Taboada, 12 de maio de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1232

VILALBA

Anuncio

Procedemento: Convocatoria e selección de funcionario de carreira

Número de expediente: 2010/2026

Asunto: Bases polas que se establecen as normas para Convocatoria e selección de funcionario de carreira dunha praza da Escala de Administración Xeral Subescala Administrativa de Administración Xeral.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data do 5 de maio do 2026, posteriormente correxido por acordo do mesmo órgano de data do 11 de maio do 2026 aprobáronse as bases que rexerán a convocatoria e selección dunha praza de funcionario de carreira **da Escala de Administración Xeral Subescala Administrativa de Administración Xeral**, Grupo C, subgrupo C1, cuxo tenor literal é o que segue:

CADRO RESUMO DAS BASES DE REXEN A CONVOCATORIA

OBXECTO DAS BASES	Selección para o nomeamento en propiedade das prazas que se inclúen na Oferta Pública de Emprego correspondente ao exercicio do ano 2023, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de abril do ano 2023, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 101 de data do xoves, 4 de Maio de 2023 e no DOG Núm. 108 Xoves, 8 de xuño de 2023.
RELACIÓN XURÍDICA	A persoa aspirante que resulte seleccionada, prestará servizos como funcionario de carreira do Concello de Vilalba.
XORNADA E DURACIÓN LA RELACIÓN XURÍDICA	O aspirante nomeado prestará servizos na distribución horaria disposta no Acordo regulador condicións de traballo funcionarios do Concello de Vilalba publicado no Boletín Oficial da Provincia de data do 19 de xaneiro do 2023